

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
PRIORIDADE DA UNIÓN/OBXECTIVO/MEDIDA: 2.5.1. Programa operativo do FEMP, período 2014-2020, artigo 50 Rgo. 508/2014
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75% FEMP – 25 % ESTADO MEMBRO

Resolución do 13 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que modifica a resolución do 30 de maio de 2023 pola que se convoca un curso de manexo de semente de moluscos bivalvos a realizar nas instalacións do IGafa na Illa de de Arousa

Antecedentes

Por motivos da baixa da profesora que imparte o curso de manexo de semente de moluscos bivalvos no IGafa é necesario modificar as datas do curso que se ía realizar do 19 ao 30 de xuño. Polo tanto, o curso impartirase do 3 ao 14 de xullo de 2023

Visto o anteriormente exposto, e ao abeiro das súas competencias, esta dirección xeral RESOLVE,

Modificar as datas do curso de manexo de semente de moluscos bivalvos, que serán do 3 ao 14 de xullo de 2023 nas instalacións do IGafa

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal